

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PAR A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO DE AGUIÑO E REALIZACIÓN DAS OBRAS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA REMODELACIÓN DO FRONTE MARÍTIMO DO PORTO DE AGUIÑO

Susana Lenguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial EPE Portos de Galicia EPE Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra parte, D. Manuel Ruíz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza do Concello, s/n, 15960 Ribeira, A Coruña, facultado para este acto en virtude das competencias que lle reconece o artigo 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes, na calidade na que cada unha intervén, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

En data 21.10.2011, asinouse entre Portos de Galicia e o Concello de Ribeira, un convenio de colaboración para a conservación e mantemento das obras de acondicionamento do contorno do porto de Aguiño no que o Concello de Ribeira realiza as tarefas de conservación e mantemento das obras obxecto do citado convenio.


Dito convenio atópase actualmente extinguido e en liquidación.

En data 21.01.2022 o Concello de Ribeira presenta unha solicitude de autorización para a realización da actuación "Remodelación del frente marítimo de Aguiño", co fin de mellorar as condicións de acceso ao porto de Aguiño.

Á vista do anterior, procédese en primeiro lugar ó levantamento da acta de liquidación das obras existentes recollidas no convenio asinado no ano 2011, informando sobre o estado de conservación e mantemento das mesmas:

O ámbito de aplicación do convenio asinado o 21.10.2011, é o seguinte:





No que respecta ao estado de conservación actual das instalacións, infórmase que, en xeral, as instalacións atópanse nun estado de conservación bo, cos desgastes propios do paso do tempo e no que os elementos de mobiliario urbano, luminarias, etc, que foron avariándose ou envellecendo, foron substituídos por elementos novos.

Á vista do anterior, e polas razóns expostas, a Xefatura de Zona considera que se pode proceder á liquidación do convenio actual.


No que respecta á solicitude de data 21.01.2022, de autorización para a execución das obras contempladas no proxecto de "Remodelación del Frente de Aguiño", cabe informar o seguinte:

- O proxecto presentado de "Remodelación del frente marítimo de Aguiño", está asinado en decembro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Vicente Lourido Vázquez, colexiado nº 23.446.

- A actuación proxectada ten coma obxectivo principal a mellora da mobilidade na zona, tanto da transitabilidade peonil e ciclista; a transformación da rúa Castelao nunha vía unidireccional para tráfico de vehículos (recuperándose espazo para carril bici e ensanchamento de aceiras) ademais da execución dun novo colector de pluviais que permita separar as augas recollidas ó longo da rúa Castelao, liberando ó bombeo de augas residuais de Aguiño de gran parte do caudal que recibe durante os días de choiva (esta última actuación desenvólvese fora do DPP. de Aguiño, polo que non se recollería nesta proposta).

- De tódalas obras contempladas no presente proxecto, as que afectan a DPP e que, polo tanto, deberían ser incorporadas ó novo convenio de colaboración a asinar, de selo caso, son as que se indican a continuación e tamén se xuntan en plano aparte:





No que respecta á documentación aportada polo Concello, considérase suficiente para a correcta definición das obras a acometer, e a actuación proposta, contribúe a unha mellora da mobilidade e humanización dos espazos.

Por outra banda, a rotonda proxectada que substituiría o actual acceso ó porto de Aguño, considérase que mellorará a entrada e saída de vehículos o que redunda na mellora da seguridade vial en xeral así coma na explotación portuaria, polo que a Zona Centro informa favorablemente á solicitude e propón a redacción e sinatura dun novo convenio de colaboración no que se inclúa, tanto as zonas obxecto do convenio asinado en 2011, coma as novas actuacións solicitadas.

O Concello de Ribeira, en base a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está interesado na remodelación da fachada marítima do porto de Aguño.

No artigo 8 da devandita Lei 6/2017 dispónse que entre as funcións que asumirá Portos de Galicia está o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

A entidade pública Portos de Galicia dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia segundo o artigo 8 da súa Lei 6/2017, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Con este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora





permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos e en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia, así como a ordenación e instrumentación dos sistemas de interconexión dos portos coas vilas.

Esta actuación suporá un efecto positivo tanto para a vila coma tamén para o porto, xa que esta infraestrutura ofrecerá un servizo engadido aos usuarios e ó medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible e resultará beneficiosa para a explotación portuaria das instalacións de Ribeira.

Á vista do anterior, polas razóns expostas, e tendo en conta a configuración xeográfica do porto de Aguiño, no que se mesturan os usos portuarios e servizos prestados ós profesionais do mar cos servizos prestados á cidadanía en xeral, considérase que a figura mais axeitada para regular estes usos é a do establecemento dun convenio de colaboración asinado entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Ribeira, para a conservación e mantemento dos espazos de urbanización, esparcemento e integración porto-ciidade; destinados esencialmente ao disfrute da cidadanía, así como dos servizos urbanos prestados nos devanditos espazos.

Por todo isto, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario, formalizando o presente convenio con arranxo ás seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO. -

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Ribeira

1. Execución das obras de remodelación do fronte marítimo do porto de Aguiño, en base ao proxecto asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vazquez, cun presuposto base de licitación de 824.313,84 euros mais IVE.
2. Conservación e mantemento dos espazos, superficies e instalacións indicados nos planos adxuntos, incluídas as obras a executar do apartado anterior, así coma das redes e instalacións de saneamento e abastecemento de execución municipal que se ubican en dominio público portuario
3. Auxilio e cooperación na regulación de tráfico nos viais portuarios abertos a uso xeral común urbano
4. Recollida e retirada de residuos

SEGUNDA. COMPROMISOS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

1. Portos de Galicia, autoriza a intervención do concello de Ribeira nos terreos de dominio público portuario aos efectos de execución das obras do proxecto de referencia, aportando os terreos do porto de Aguiño que sexan precisos, realizándose nos termos deste convenio e posta a disposición para as obras de referencia dos terreos portuarios referidos neste convenio.





- Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá ao Concello para que as corrixa.
2. Portos de Galicia comprométese a autorizar ao Concello de Ribeira nas superficies indicadas nos planos que se acompañan como anexo, e que definen o ámbito de aplicación do presente convenio:
 - a. A instalación e mantemento das redes para a prestación de servizos urbanos (abastecemento, electricidade e saneamento, recollida de residuos)
 - b. Actuacións para o mantemento integral e conservación dos viarios, superficies de esparcemento, barandas, mobiliario urbano, redes de servizos, etc,
 - c. á instalación de contedores estancos de residuos para a posterior xestión dos mesmos polo concello
 3. Portos de Galicia, ao abeiro das competencias que ostenta en virtude do artigo 113.2, apartados a) e i) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, autoriza a intervención do Concello de Ribeira para a realización das actividades de auxilio e cooperación na regularización do tráfico viario nas vías portuarias abertas ao uso xeral común de interacción portuocidade, que se identifican no anexo correspondentes a esta convenio, co mesmo fundamento xurídico autorízase a cooperación do Concello, libre de cargas referente a Portos de Galicia para a recollida de residuos nas zonas que se identifican no anexo correspondente deste convenio.
 4. Os compromisos e autorizacións establecidas neste convenio en ningún caso implique a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBEIRA

Coa sinatura do presente convenio, O Concello obrígase á:

1. Continuación coa conservación e mantemento das obras de acondicionamento do contorno portuario de Aguiño, que se contemplaba no convenio asinado en data 21.10.2011. e das obras de saneamento recollidas no convenio asinado o 06.06.2014 de Actuacións en dominio público portuario e nos terreos de titularidade municipal, para a execución e mantemento da obra "Colectores xerais e EDAR de Ribeira. Ribeira (A Coruña)"; así coma das superficies e instalacións indicadas nos planos que acompañan ao presente documento.
2. Realización das obras, mantemento e conservación da remodelación do fronte marítimo do porto de Aguiño, de conformidade coas seguintes obrigas:
 - a. O Concello expedirá todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exacción reguladora algunha contra Portos de Galicia-Administración autonómica e co réxime urbanístico axeitado.
 - b. Unha vez rematadas as obras de "Remodelación del frente marítimo de Aguiño", o Concello de Ribeira procederá á recepción das obras , tal recepción será comunicada a Portos de Galicia e significará a execución automática das obrigas asumidas polas partes ao abeiro deste Convenio. A tal efecto a recepción sen protesta da devandita comunicación supón o recoñecemento do bo estado das obras.
3. O Concello de Ribeira comprométese ao aboamento de tódolos gastos relativos ao mantemento e reparación das instalacións portuarias afectadas a este convenio, conforme as condicións establecidas no proxecto de obras que define a súa execución.





- a. As obrigas de conservar y manter as obras obxecto deste convenio, indicadas nos apartados anteriores, implican a carga de executar a actividade de atender a que estas permanezan, se conserven, sen destruírse e se manteña a súa capacidade operativa, conforme ao estándar de calidade e de funcionamento operativo que lle son propios desde o seu proxecto e polo tempo programado do seu funcionamento.
 - b. Esta obriga integra a execución das reparacións e reposicións puntuais das obras e elementos que as conforman, caso fortuíto ou por actos e danos de terceiros, así como a execución ao seu cargo, das reparacións e reposicións que deriven vicios ou defectos ocultos das obras, instalacións e elementos afectados por este convenio.
 - c. Na conservación e mantemento e reposición dos elementos que se inclúen no convenio tendo en conta a natureza dos terreos da zona de dominio público portuaria, deberanse velar porque os procedementos construtivos de conservación e mantemento sexan axeitados ao aforro enerxético e ás medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano ás persoas, edificacións e instalacións existentes.
 - d. A execución de obras non contempladas no presente convenio, calquera modificación das instalacións e elementos, así como, calquera modificación das actuacións durante a xestión das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia, tramitada a través da comisión de seguimento.
 - e. As obras e todas as actuacións executadas quedarán incorporadas ás instalacións por cesión e executaranse baixo a vixilancia e supervisión de Portos de Galicia por canto ás competencias de Portos de Galicia se refire.
 - f. A propiedade de cantas obras e elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio na parte en que son executadas en dominio público portuario, corresponderá a Portos de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Aguiño, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia
4. O Concello de Ribeira cooperará e auxiliará a Portos de Galicia na regularización do tráfico viario nas vías portuarias abertas ao uso xeral común de interacción portuaria, que se identifican no anexo correspondentes a este convenio.
 5. O Concello de Ribeira cooperará e auxiliará a Portos de Galicia na recollida de residuos nas zonas que se identifican no anexo correspondentes deste convenio. Para o cumprimento deste obriga o Concello aportará todos os medios propios que sexan precisos, sen cargo algún para Portos de Galicia
 6. A intervención do Concello de Ribeira nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio

Condicións xerais

1. **INVENTARIO:** O Concello incorpora como Anexo I deste convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:





a) Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (registros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

2. ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS: O Concello incorpora como Anexo II as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos detallados neste convenio. Adicionalmente indicárase se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.

No caso das instalacións de alumeadado, remitirase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.

3. ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: Tanto o Anexo I coma o Anexo II deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.

4. MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO: O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas. Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuacións, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo I. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

5. PERMISOS: O Concello é responsable respecto de calquera Administración de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco deste convenio e das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen perxuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia decidirá sobre a autorización do enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, e dando conta inmediata ao Concello de dita





autorización procedéndose por Portos de Galicia á correspondente actualización do inventario plano da rede afectada.

7. EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia.

Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debера achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuacións executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS: Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servicios ou os propios servicios, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días hábiles, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS: Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concernente á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen perxuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

Condicións particulares:

REDE DE SANEAMENTO:

S1. PARÁMETROS DE ENTRADA: O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. PARÁMETROS DE VERQUIDO E PUNTO DE VERQUIDO: O Concello garantirá que os caudais verquido ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verquidos.





Os puntos de verquido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. ATENCIÓN A VERQUIDOS: O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera verquido que se produza con orixe a súa rede.

REDE DE ABASTECIMIENTO:

A1. **CAUDÁIS E CONDICIÓN SANITARIAS:** O Concello garantirá que os caudais suministrados cumpren cos parámetros establecidos na lexislación de augas e sanitaria. En particular vixiará as condicións sanitarias dos puntos de captación empregados.

A2. **REPARACIÓN DE FUGAS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera fuga que poida comprometer o suministro dos usuarios ou a operativa portuaria.

INSTALACIÓN E EDIFICACIÓN AUXILIARES

E1. SEGURIDADE INDUSTRIAL: O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. INSPECCIÓN PERIÓDICAS: O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servizo deste convenio.

E3. ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO: O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas, cubertas e demais elementos visibles das instalacións e edificacións que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

MANTEMENTO VIARIO E DO ENTORNO DO MESMO

O1. No que respecta ós elementos, non estritamente portuarios e que, polo tanto, correspondería manter e conservar ó Concello de Ribeira, estémonos a referir a:

- Elementos de urbanización e mobiliario urbano sito no ámbito de actuación do convenio: barandas, bancos, luminarias, papeleiras, bolardos, esculturas, etc
 - Pavimentos e explanadas, e os seus complementos: arquetas, reixiñas, etc
 - Xardinería, plantas, e outros elementos vexetais
 - Redes de servizos municipais: abastecemento, saneamento (incluíndo as súas instalacións, tales como tanques de tormentas, bombeos, etc.), pluviais e eléctricas: e telecomunicacións incluíndo tanto a conservación e mantemento das citadas liñas coma os consumos eléctricos ou de auga que, de se-lo caso, se produzan a demanda municipal.
- Auxilio e cooperación na regulación de tráfico nos viais portuarios abertos a uso xeral común urbano e recollida de residuos.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO. -

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.





Serán función desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuación que se consideren precisas.
- Propoñer á partes a resolución das posibles controversias que pudesan xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de Seguimento estará integrada por unha Presidencia que recaerá na Presidenta do Ente Público Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Ribeira e outros dous polo Ente Público Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de portos de Galicia recae no Xefe de Zona Centro e no Xefe da Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada una delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalación para o fin a que estean destinadas, será responsabilidade do Concello de Ribeira responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.

2.- A responsabilidade aquí establecida se establece nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, e a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial, corresponderalle a Portos de Galicia.

SETIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia





e bo goberno os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que contén no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Ribeira e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resaltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos tasaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou neutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

Remataranse as accións e expedientes administrativos e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.





Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta Lei 6/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

DECIMA. VIXENCIA DO CONVENIO. -

O artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos acordos en catro anos, agás que normativamente prevéxase un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste acordo, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de acordo de ocupación de dominio portuario autonómico, durante o tempo que sexa preciso. Neste caso dado o obxecto e finalidade do acordo e por tratarse de uso de zona portuaria por un órgano da Administración Local a duración do acordo será de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo. O acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes, sen que en ningún caso poida superar o prazo de duración máximo establecido para as concesións no espazo portuario.

En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obteña a utilidade das inversións de acondicionamento da zona portuaria afectada, unha vez transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir do convenio deixando sen efecto, cun preaviso de catro meses de antelación

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula oitava.

Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

UNDÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

DUODÉCIMA.- TAXAS.





O Concello liquidará aos seus usuarios non portuarios as taxas admitidas nas súas ordenanzas. Pola súa parte, o propio concello, no seu caso, poderá estar exento de taxas segundo o establecido no parágrafo j 2º do artigo 40 da lei de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras, que indica que as corporacións locais, cando se trate de actividades encadradas entre as súas finalidades públicas e estas non sexan obxecto de explotación económica estarán exentos de pago.

Para o caso de non proceder dita exención as taxas a aplicar será TODP

A PRESIDENTA DO
ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA


O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE RIBEIRA

Susana Lengas Gil

Manuel Ruíz Rivas

ANEXO: PLANO.





PROXECTO 2021-12
REMEDIACIÓN DO FRENTE MARÍTIMO DE AGUÑO

Lenda pavimentos


[Grey]	Pavimento de hormigón gris
[Dark Grey]	Pavimento de hormigón existente a pulir en seco
[Black]	Pavimento de hormigón coloreado
[Blue]	Pavimento de terrizo (suelo cemento)
[Yellow]	Franxas de granito
[Light Blue]	Pavimento de losas de granito
[Red]	Aglomerado asfáltico existente
[Orange]	Aglomerado asfáltico
[Pink]	Pavimento podotáctil
[Green]	Zona ajardinada
[Blue]	Carril bici (microaglomerado asfáltico)
[Dashed]	Barandilla

LEND A

<p>Ins. ABASTECIMENTO</p> <ul style="list-style-type: none"> ARQUETA ABASTECIMENTO BOCA DE INCENDIO ARQUETA CONTADOR-ABASTEC. ARQUETA TOMA DE AUGA BOCA DE REGO CANALIZACIÓN 	<p>Ins. SANEAMENTO</p> <ul style="list-style-type: none"> POZO SANEAMENTO RESIDUAIS POZO SANEAMENTO PLUVIAIS DESAGUE PLUVIAIS SUMIDORO CAZ FORMIGÓN CANALIZACIÓN RESIDUAIS CANALIZACIÓN PLUVIAIS
<p>Ins. ALUMENADO</p> <ul style="list-style-type: none"> ARQUETA ALUMENADO FAROLA LUMINARIA LUMINARIA EMPOTRADA PROXECTOR POSTE BALIZA POSTE ELÉCTRICO CANALIZACIÓN 	<p>Ins. TELECOMUNICACIONES</p> <ul style="list-style-type: none"> POSTE TELEFÓNICO ARQUETA TELECOMUNICACIONES CANALIZACIÓN
<p>Ins. FORZA</p> <ul style="list-style-type: none"> TORRE ELÉCTRICA ARMARIO ELÉCTRICO TOMA ELÉCTRICA ARQUETA ELÉCTRICA CANALIZACIÓN -MT- CANALIZACIÓN -BT- 	<p>Ins. AUGA-ENERXÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> ARQUETA AUGA-ENERXIA TOMA AUGA-ENERXIA CANALIZACIÓN
<p>Ins. COMBUSTIBLE</p> <ul style="list-style-type: none"> ARQUETA COMBUSTIBLE 	<p>Ins. INDETERMINADA</p> <ul style="list-style-type: none"> ARQUETA INDETERMINADA

- - - - - PROPOSTA NOVO CONVENIO
- - - - - ZONA DE SERVIZO DO PORTO
- - - - - LIÑA DE DESLINDE DPMT
- - - - - DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO ACTUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO PORTO DE AGUÑO (2011-10-21)

	<p>ZONA CENTRO Avenida do Comercio, 5 - 1º - 15008 A CORUÑA Tfno: 981 182 501 - Fax: 981 182 426 http://www.portosdegalicia.com</p>		
	<p>ASUNTO: PROPOSTA DE REVERSIÓN DO CONVENIO ACTUAL E ESTABLECIMENTO DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO, ASÍ COMO DAS OBRAS CORRESPONDENTES A REMEDIACIÓN DO FRENTE MARÍTIMO.</p>		
<p>PORTO: AGUÑO RIBEIRA - A CORUÑA</p>	<p>NOME DO PLANO: PLANTA XERAL DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO</p>	<p>ESCALAS: A-1 1/750 A-3 1/1.500</p>	<p>DATA: SETEMBRO 2022</p>
			<p>Nº PLANO: 1 de 1 FOLIA: 01 de 01</p>




PROXECTO 2021-12
REMODELACIÓN DO FRENTE MARÍTIMO DE AGUIÑO

Lenda pavimentos

- Pavimento de hormión gris
- Pavimento de hormión existente a pulir en seco
- Pavimento de hormión coloreado
- Pavimento de terrizo (suelo cemento)
- Franxias de granito
- Pavimento de losas de granito
- Aglomerado asfáltico existente
- Aglomerado asfáltico
- Pavimento posotáctil
- Zona ajardinada
- Carril bici (microaglomerado asfáltico)
- Graderío
- Barandilla

- PROPOSTA NOVO CONVENIO
- ZONA DE SERVIZO DO PORTO
- LIÑA DE DESLINDE DPMT
- DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO ACTUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO PORTO DE AGUIÑO (2011-10-21)



PORTOS DE GALICIA

ZONA CENTRO

Avenida Portos de Coruña, 5 - 111000 A CORUÑA
Tfno: 981 182 628 - Fax: 981 182 628
http://www.portosgalicia.com

PORTO: **AGUIÑO**
RIBEIRA - A CORUÑA

ASUNTO: **PROPOSTA DE REVERSIÓN DO CONVENIO ACTUAL E ESTABLECIMENTO DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO ASÍ COMO DAS OBRAS CORRESPONDENTES A REMODELACIÓN DO FRENTE MARÍTIMO.**


WOME DO PLANO: **PLANTA XERAL DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO**


ESCALAS: A-1 1/750 A-3 1/1.500

DATA: MAYO 2023

Nº PLANO: 1 de 1


FOLIA: 01 de 01





LENDA

Ins. ABASTECIMENTO ARQUETA ABASTECIMENTO BOCA DE INCENDIO ARQUETA CONTADOR-ABASTEC. BOCA DE TOMA DE AUGA BOCA DE REGO CANALIZACIÓN	Ins. SANEAMENTO POZO SANEAMENTO RESIDUAIS POZO SANEAMENTO PULVERIS DESAGUE PULVERIS SUMIDORO CAZ FORMIGÓN CANALIZACIÓN RESIDUAIS CANALIZACIÓN PULVERIS
Ins. ALUMEADO ARQUETA ALUMEADO FAROLA LUMINARIA LUMINARIA EMPOTRADA PROXECTOR POSTE BALIZA POSTE ELÉCTRICO CANALIZACIÓN	Ins. TELECOMUNICACIONES POSTE TELEFÓNICO ARQUETA TELECOMUNICACIONES CANALIZACIÓN
Ins. FORZA TORRE ELÉCTRICA ARMARIO ELÉCTRICO TOMA ELÉCTRICA ARQUETA ELÉCTRICA CANALIZACIÓN -MT- CANALIZACIÓN -BT-	Ins. AUGA-ENERXÍA ARQUETA AUGA-ENERXÍA TOMA AUGA-ENERXÍA CANALIZACIÓN
Ins. COMBUSTIBLE ARQUETA COMBUSTIBLE	Ins. INDETERMINADA ARQUETA INDETERMINADA



PORTOS DE GALICIA

ZONA CENTRO


Avenida Portos de Coruña, 5 - 11. 15008 A CORUÑA
Télex: 981 182 638 - Fax: 981 182 628
http://www.portosgalicia.com


PORTO: **AGUIÑO**
RIBEIRA - A CORUÑA

ASUNTO: **PROPOSTA DE REVERSIÓN DO CONVENIO ACTUAL E ESTABLECIMENTO DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO ASÍ COMO DAS OBRAS CORRESPONDENTES A REMODELACIÓN DO FREITE MARITIMO.**

WOME DO PLANO: **ABASTECIMENTO_DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO**

CLAVE PORTO: 12-46	ESCALAS: A-1 1/750 A-3 1/1.500	DATA: MAYO 2023	Nº PLANO: 1 de 1 FOLIA: 01 DE 01
--------------------	-----------------------------------	-----------------	-------------------------------------







LENDA

Ins. ABASTECIMENTO ARQUETA ABASTECIMENTO BOCA DE INCENDIO ARQUETA CONTADOR-ABASTEC. BOCA DE REGO CANALIZACIÓN	Ins. SANEAMENTO POZO SANEAMENTO RESIDUAIS POZO SANEAMENTO PULVERIS DESAGUE PULVERIS SUMIDORO CAZ FORMIGÓN CANALIZACIÓN RESIDUAIS CANALIZACIÓN PULVERIS
Ins. ALUMEADO ARQUETA ALUMEADO FAROLA LUMINARIA LUMINARIA EMPOTRADA PROXECTOR POSTE BALIZA POSTE ELÉCTRICO CANALIZACIÓN	Ins. TELECOMUNICACIONES POSTE TELEFÓNICO ARQUETA TELECOMUNICACIONES CANALIZACIÓN
Ins. FORZA TORRE ELÉCTRICA ARMARIO ELÉCTRICO TOMA ELÉCTRICA ARQUETA ELÉCTRICA CANALIZACIÓN-MT- CANALIZACIÓN-IBT-	Ins. AUGA-ENERXÍA ARQUETA AUGA-ENERXÍA TOMA AUGA-ENERXÍA CANALIZACIÓN
Ins. COMBUSTIBLE ARQUETA COMBUSTIBLE Ins. INDETERMINADA ARQUETA INDETERMINADA	

- - - - - PROPOSTA NOVO CONVENIO
- - - - - ZONA DE SERVIZO DO PORTO
- LIÑA DE DESLINDE DPMT
- DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO ACTUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO PORTO DE AGUIÑO (2011-10-21)

 PORTOS DE GALICIA	ZONA CENTRO <small>Avenida Portos de Galicia, 5 - 11100 A CORUÑA Tfno: 981 182 628 - Fax: 981 182 628 http://www.portosgalicia.com</small>	
	<small>ASUNTO:</small> PROPOSTA DE REVERSIÓN DO CONVENIO ACTUAL E ESTABLECIMENTO DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO ASÍ COMO DAS OBRAS CORRESPONDENTES A REMODELACIÓN DO FREITE MARITIMO.	
<small>PORTO:</small> AGUIÑO RIBEIRA - A CORUÑA	<small>WOME DO PLANO:</small> ALUMEADO_DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO	<small>ESCALAS:</small> A-1 1/750 A-3 1/1.500
<small>CLAVE PORTO:</small> 12-46	<small>DATA:</small> MAYO 2023	<small>Nº PLANO:</small> 1 de 1 <small>FOLIA:</small> 01 de 01





LENDA

Ins. ABASTECIMENTO ARQUETA ABASTECIMENTO BOCA DE INCENDIO ARQUETA CONTADOR-ABASTEC. ARQUETA TOMA DE AUGA BOCA DE REGO CANALIZACIÓN	Ins. SANEAMENTO POZO SANEAMENTO RESIDUAIS POZO SANEAMENTO PLUVIAIS DESAGUE PLUVIAIS SUMIDORO CAZ FORMIGÓN CANALIZACIÓN RESIDUAIS CANALIZACIÓN PLUVIAIS
Ins. ALUMEADO ARQUETA ALUMEADO FAROLA LUMINARIA LUMINARIA EMPOTRADA PROXECTOR POSTE BALIZA POSTE ELÉCTRICO CANALIZACIÓN	Ins. TELECOMUNICACIONES POSTE TELEFÓNICO ARQUETA TELECOMUNICACIONES CANALIZACIÓN
Ins. FORZA TORRE ELÉCTRICA ARMARIO ELÉCTRICO TOMA ELÉCTRICA ARQUETA ELÉCTRICA CANALIZACIÓN-MT- CANALIZACIÓN-IBT-	Ins. AUGA-ENERXÍA ARQUETA AUGA-ENERXIA TOMA AUGA-ENERXIA CANALIZACIÓN
Ins. COMBUSTIBLE ARQUETA COMBUSTIBLE	Ins. INDETERMINADA ARQUETA INDETERMINADA

- - - - - PROPOSTA NOVO CONVENIO
- - - - - ZONA DE SERVIZO DO PORTO
- LIÑA DE DESLINDE DPMT
- DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO ACTUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO PORTO DE AGUIÑO (2011-10-21)

<p>PORTOS DE GALICIA</p>	<p>ZONA CENTRO</p> <p><small>Avenida Coruña, 5 - 11 10008 A CORUÑA Tfno: 981 182 631 - Fax: 981 182 625 http://www.portosgalicia.com</small></p>
	<p><small>ASUNTO: PROPOSTA DE REVERSIÓN DO CONVENIO ACTUAL E ESTABLECIMENTO DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO PORTUARIO ASÍ COMO DAS OBRAS CORRESPONDENTES A REMODELACIÓN DO FREITE MARITIMO.</small></p>
<p>AGUIÑO RIBEIRA - A CORUÑA</p>	<p>SANEAMENTO DELIMITACIÓN DA ZONA DO CONVENIO</p>
<p>CLAVE PORTO: 12-46</p>	<p>ESCALAS: A-1 1/750 A-3 1/1.500</p>
<p>DATA: MAYO 2023</p>	<p>Nº PLANO: 1 de 1 FOLIA: 01 de 01</p>

